


SÓ VALE A VERDADE

Non é o estilo de CCOO entrar en confrontacións con outros sindicatos, que non nos levan a ningún lado e tampouco o persoal espera isto de nós. Loxicamente disputamos as eleccións sindicais, pero despois, cada cal, coa forza dos votos que nos dá o persoal, poñémonos a traballar cos nosos recursos e xunto ao resto dos sindicatos, que son os nosos compañeiros, defendemos as mellores condicións dos traballadores e traballadoras de BBVA. Aínda que moitas veces calemos, non quere dicir que outorguemos e tampouco somos dos que poñen a outra fazula, por iso, se queremos aclarar algunhas imprecisións, ás veces insultantes, que CIG nos dedica:



- **A primeira.** Na nosa proposta reivindicativa de convenio, publicada en todo o sector o 27/04/2015, dicimos: **"Xornada: Introducir elementos certos e cribles de verificación e control da xornada, para combater e eliminar as prolongacións ilegais..."** Logo xa estamos a demandar á AEB un control da xornada de forma individualizada.
- **A segunda.** Respecto ao control horario iníciase coa demanda ante Bankia, o 22/10/2015 por **CCOO**, UXT e outros sindicatos, onde **CIG, nin se lle viu nin se lle esperaba.**
- **A terceira.** O 9/03/2015 en Banco Sabadell, **CCOO**, CXT, UXT e outros sindicatos, expomos unha demanda ante a Audiencia Nacional co mesmo tema, no que houbo un acordo xudicial de control horario, **CIG tampouco estaba.**
- **A cuarta.** **CIG**, aproveita o traballo que **CCOO**, UXT e outros sindicatos realizamos en Bankia, coa sentenza favorable da Audiencia Nacional, que non é firme, para interpoñer demanda de control horario no Banco Pastor e BBVA **sen contar cos demais sindicatos e sen esperar unha posible solución que poida saír da negociación do Convenio nesta materia.**
- **A quinta.** **CIG parece que necesita un altafalante no seu afán de protagonismo, que non ten nos centros de traballo nin na mesa do Convenio**, xa que non fai achegas obxectivas para mellorar as condicións de traballo do persoal, nun momento francamente difícil. Tampouco asina os convenios nin os acordos de empresa, polo que supón. que no hace aportaciones objetivas para mejorar las condiciones de trabajo de las plantillas, en un momento francamente difícil. Tampoco firma los convenios ni los acuerdos de empresa, por lo que suponemos prefire aplíquese ao persoal o Estatuto dos Traballadores, "pelao e mondao".
- **A sexta.** A cláusula de compensación e absorción está no convenio actual e sabemos que os Bancos a poden aplicar, iso non é óbice para que fagamos chegar formalmente á AEB a nosa protesta por esta actitude da Patronal. Todos sabemos como funcionan as retribucións variables en BBVA, (CVP, AVE, DOR) **ou CIG non o sabe?**
- **Por último, CCOO** leva o peso do traballo na mesa de negociación, porque, con máis do 60% da representación, temos a responsabilidade de buscar, non calquera acordo, pero si un acordo equilibrado que dea solucións ao equipo do sector de Banca. E niso, tamén nos gustaría ter á beira a CIG. Pero **tampouco está, nin se lle espera.**

Seguimos traballando, seguimos informando.

Febreiro 2016